

CONVENIO ENTRE O CONCELLO DO BARCO DE VALDEORRAS E A ASOCIACIÓN EMPRESARIAL DE VALDEORRAS CANALIZADOR DE SUBVENCIÓN DIRECTA PARA O DESENVOLVEMENTO E EXECUCIÓN DO PROGRAMA “MÁIS BARCO”

En O Barco de Valdeorras, 29 de decembro de 2020

REUNIDOS

Dunha parte, Don Alfredo L. García Rodríguez, con DNI en calidade de Alcalde- Presidente do Concello de O Barco de Valdeorras con NIF P3201000A.

Doutra parte, Dona Araceli Fernández del Palacio, con DNI: en calidade de Presidenta da Asociación empresarial de Valdeorras con NIF G32114423.

Ambas as partes recoñécense a representación que ostentan e capacidade para asinar o presente convenio e na súa virtude,

EXPOÑEN:

O 14 de marzo de 2020 o Goberno de España publicou o Real Decreto 463/2020 polo que se declarou o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, debido á rápida propagación en España da pandemia declarada como tal pola Organización Mundial da Saúde.

A declaración do estado de alarma establece restricións á libre circulación de persoas, e o Decreto, no seu artigo 10, establece medidas de contención en diferentes ámbitos como o comercial e o hostaleiro, obrigando ao peche de moitos destes establecementos e afectando, en maior ou menor medida, a todos os comercios e locais de hostalería da localidade.

A Orde do 30 de setembro de 2020 da Consellería de Sanidade establece determinadas medidas de prevención como consecuencia da evolución epidemiolóxica derivada do Covid-19 no Concello do Barco de Valdeorras e que supoñen limitacións de actividade para os sectores comercial e de hostalería.

A situación de alerta sanitaria actualmente en vigor, implanta unha serie de medidas restritivas á actividade pública e privada, recollidas na ORDE do 9 de novembro de 2020 pola que se modifica a Orde do 4 de novembro de 2020 da Xunta de Galicia, pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, e o DECRETO 181/2020, do 9 de novembro, do presidente da Xunta de Galicia, polo que se modifica o Decreto 179/2020, do 4 de novembro, do presidente da Xunta de Galicia, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do estado de alarma declarado polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV que apuntan a unha crise económica de enorme envergadura que demanda unha actuación planificada e coordinada de todas as Administracións Públicas para protexer os intereses dos cidadáns, que viron restrinxida, por razóns de saúde pública, a súa actividade económica habitual e as súas fontes de ingresos.

O Concello do Barco de Valdeorras ante esta situación, e ao obxecto de dinamizar a actividade económica do municipio e apoiar ao pequenos establecementos tras esta etapa de peche e restricións, levou a cabo unha serie de medidas de apoio ás familias e as empresas que se foron implementado desde o inicio do confinamento derivado das medidas de contención, e agora desenvolve un conxunto de actuacións destinadas a impulsar o consumo local, parte das cales serán levadas a cabo mediante este convenio, para poder reactivar de forma rápida a actividade económica, con medidas de gasto público produtivo, eficaz e eficiente no fomento a sectores económicos fundamentais como neste caso o comercio local e a hostalería.



O Concello do Barco de Valdeorras, neste sentido, estima necesario adoptar medidas que dinamicen e incentiven o consumo no pequeno comercio local e na hostalería de O Barco de Valdeorras, de maneira que se contribúa á reactivación destes sectores tan prexudicados.

O Concello é consciente de que o comercio de proximidade e a hostalería teñen unha gran importancia desde o punto de vista urbano, social e económico, ao mesmo tempo que contribúen de forma determinante á consolidación dun tecido sectorial sólido e con capacidade para crear emprego de calidade na localidade, constituíndo eixos do desenvolvemento local e do dinamismo urbano.

O Concello do Barco de Valdeorras, ao amparo dos artigos 2 e 25 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local, ostenta competencias para levar a cabo actuacións que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, de conformidade cos principios de descentralización, proximidade, eficacia e eficiencia.

O Concello do Barco de Valdeorras solicitou con data 1 de decembro de 2020 á Dirección Xeral de Administración local un informe sobre a inexistencia de duplicidade para a convocatoria de axudas destinadas a apoiar a distintos sectores do comercio e da hostalaría neste Concello para facer fronte aos efectos orixinados pola Covid-19. A resposta recibida foi favorable e fai constar que non existe obstáculo para a aprobación de ditas axudas por parte da entidade local, tal e como se recolle na comunicación que consta no expediente.

Para iso apróbase mediante unha modificación do orzamento municipal, que se recolle na aplicación orzamentaria 430.48906, unha subvención directa a favor de AEVA de 115.000 €, coa finalidade de desenvolver unha “Campaña de incentivos ao comercio barquense de proximidade (Máis Barco)”.

A Asociación Empresarial de Valdeorras vén desempeñando un papel decisivo na defensa, información e asesoramento das Pemes e autónomos do Concello do Barco de Valdeorras, coñece a realidade e necesidades do seu tecido empresarial e da concreta situación e demandas de cada un dos subsectores económicos, mantendo un contacto permanente co sector comercial e hostaleiro da localidade, e co Concello do Barco de Valdeorras para a realización de actividades formativas e/ou promocionais.

A Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeneral de subvencións, dispón no seu artigo 22.2 que poderán concederse de forma directa as subvencións *“c) Con carácter excepcional, aquelas outras subvenciones en que se acrediten razones de interés público, social, económico o humanitario, u otras debidamente justificadas que dificulten su convocatoria pública.”*

Como indica o art. 67.3.a) do RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións -RLGS-, para a concesión directa de subvencións a que se refire o apartado c) do art. 22.2 LGS, se require *“una memoria del órgano gestor de las subvenciones, competente por razón de la materia, justificativa del carácter singular de las subvenciones, de las razones que acreditan el interés público, social, económico o humanitario, u otras que justifican la dificultad de su convocatoria pública”*.

Na memoria que se adxunta no expediente, detállanse a xustificación, os obxectivos e características xerais da campaña así como as argumentación sobre a elección de AEVA como entidade colaboradora necesaria para a realización da campaña *Máis Barco*.

Á vista do exposto, considérase á Asociación Empresarial de Valdeorras como unha organización idónea e única á hora de potenciar, xunto co Concello do Barco de Valdeorras, o comercio local e o sector hostaleiro do municipio, así como para colaborar na realización do programa de dinamización económica que é o obxecto deste convenio.

O Concello do Barco de Valdeorras, tendo á súa vez en conta colaboracións anteriores, atópase interesado en subscribir o presente Convenio co fin de estimular o crecemento económico e promover o desenvolvemento do municipio do Barco de Valdeorras, para o que resulta esencial a colaboración do marco empresarial e industrial da cidade.

En relación co anterior, acordan subscribir o presente Convenio para o desenvolvemento dos obxectivos mencionados, que se rexerá polas seguintes

CLAÚSULAS

PRIMEIRA: OBXECTO E FINALIDADE DO CONVENIO

O presente convenio ten por obxecto a canalización dunha subvención directa e excepcional polas razóns de interese público, social e económico, que se detallan na memoria que se achegan no expediente, e instrumentar o réxime de colaboración entre o Concello do Barco de Valdeorras e á Asociación Empresarial de Valdeorras (AEVA) para fomentar a dinamización da actividade económica no municipio do Barco de Valdeorras mediante a implementación dun programa de incentivos ao comercio “*Máis Barco*” mediante a execución dunha campaña de tarxetas-desconto para utilizar nas entidades e establecementos adheridos á campaña.

O obxectivo do Convenio é o de intensificar a actividade económica no municipio como xeradora de riqueza e creación de emprego, mediante a promoción do comercio polo miúdo e a hostalería, impulsando o consumo na localidade a efectos de paliar as consecuencias económicas, sociais e no emprego derivadas da emerxencia sanitaria provocada pola COVID-19.

SEGUNDA: RÉXIME XURÍDICO

O presente Convenio ten natureza subvencional e implica a concesión dunha subvención directa á Asociación Empresarial de Valdeorras, regulándose, ademais das estipulacións contempladas no presente Convenio, pola seguinte normativa:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local
- Lei 39/2015 do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas
- Lei 40/2015 de Réxime Xurídico das Administracións Públicas.
- Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións.
- Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións aprobado por Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo.
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia

TERCEIRA: ACTUACIÓNS

As actuacións a que se refire o presente Convenio concréntanse, entre outras, nas seguintes:

1. Desenvolvemento dun Programa que promociione o comercio polo miúdo e a hostalería do municipio de O Barco de Valdeorras mediante a creación dunha Tarxeta *Máis Barco*, destinando para iso unha cantidade de 115.000 €, o que debe permitir incentivar a compra e o consumo nos establecementos locais de O Barco de Valdeorras, cantidade que beneficiará ás familias e a comerciantes e hostaleiros xa que todo o gasto debe realizarse en establecementos da localidade.

2. Ao programa *Máis Barco* poderanse adherir as seguintes empresas:

-Establecementos de comercio e hostalería que ocupen a menos de 10 traballadores/as e con domicilio social no Concello do Barco e que se atopen dentro dos grupos de clasificación do IAE, que se achegan no anexo I de bases reguladoras.

3. Os comercios e establecementos de hostalería, participantes no programa terán que inscribirse nun prazo máximo de dez días tras a posta en marcha do convenio, nun formulario previamente habilitado, na páxina web de AEVA no que detallarán os seguintes datos:

- Nome e apelidos
- Teléfono de contacto
- Dirección dos negocios
- Sector ao que pertence o establecemento
- Correo electrónico
- Número de TPV e entidade bancaria

Cada establecemento participante dispoñerá dun distintivo que o identificará como tal.

Os comercios e establecementos non adheridos ao Programa na data indicada anteriormente NON poderán participar.

4. Os usuarios poderán obter, por cada DNI, unha tarxeta Máis Barco, en formato físico. Unha vez cargada a tarxeta, dispoñerán ata 31 de marzo, inclusive, para realizar as súas compras ou gastos.

5. As tarxetas terán un valor nominal de 50 euros, dos que 30 € achegaraos o usuario e os 20 € restantes serán a achega directa de AEVA subvencionada a través do presente convenio.

6. A Asociación Empresarial de Valdeorras comprométese á difusión do programa na súa web, redes sociais e na rolda de prensa de presentación do programa. En todas as actuacións de difusión a realizar pola Asociación deberá mencionar a colaboración do Concello de do Barco de Valdeorras e, no seu caso, a inclusión de logotipo do Concello do Barco de Valdeorras, cando se trate de medios de difusión escrita e impresa.

7. A Asociación Empresarial de Valdeorras comprométese ao cumprimento do establecido na normativa vixente en materia de protección de datos, en relación con aqueles cuxo acceso ou coñecemento, estivese motivado pola xestión do presente Convenio.

As bases reguladoras na campaña, que se achegan xunto a este convenio, detallan a normativa en materia de protección de datos, en relación con aqueles cuxo acceso ou coñecemento estivese motivado pola xestión da campaña.

CUARTA: GASTOS SUBVENCIONABLES

1.- Considéranse gastos subvencionables aqueles que sexan imprescindibles para o desenvolvemento da actividade subvencionada, sexan realizados e estean efectivamente pagados antes da data de finalización do prazo de presentación da xustificación establecido na cláusula SEXTA deste convenio. En particular, considéranse gastos subvencionables aqueles que, ademais de recollerse expresamente na solicitude, respondan de maneira indubitada á natureza da actividade subvencionada, tales como:

- Gastos correntes directamente relacionados e necesarios para o desenvolvemento da actividade ou campaña obxecto de subvención e en particular gastos pola propia campaña de tarxetas desconto, por un importe ,como máximo, de 115.000 € (IVE incluído).

2.- Non serán subvencionables os gastos de investimento nin os de natureza inventariable, os financeiros xerados por avais, nin os realizados fóra dos prazos de execución do convenio ou fora do prazo de xustificación.

3.- Os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais ou rexistrais e os gastos periciais serán subvencionables só no caso de que se traten de gastos directamente relacionados coa actividade subvencionada e sexan imprescindibles para a adecuada preparación ou execución da mesma.

4.- En ningún caso, o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

5.- Os gastos que se realicen apartándose do proxecto ou fóra do seu prazo de execución non serán subvencionables.

6.- En ningún caso, a entidade beneficiaria poderá contratar servizos ou abastecementos con persoas ou entidades vinculadas á propia entidade, salvo que concorran as seguintes circunstancias:

Que a contratación se realice de acordo coas condicións de mercado

Que se obteña a previa autorización expresa do órgano concedente do seguinte modo:

- A interesada deberá solicitar autorización con carácter previo ao desenvolvemento da actividade subvencionada
- O órgano concedente deberá adoptar un acordo, con anterioridade á execución da actividade subvencionada, indicando o terceiro ou terceiros cos que se contratará e os servizos ou abastecementos que poden ser obxecto de contratación

Sen prexuízo do anterior, admitirase que as persoas integrantes da xunta directiva de AEVA poidan ser beneficiarias do uso das tarxetas obxecto do presente convenio, en igualdade de condicións que o resto de usuarios.

7.- A posibilidade de subcontratación estará sometida ás limitacións establecidas no artigo 29 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións. Poderase subcontratar ata o 50% da actividade subvencionada. Con todo o réxime de subcontratación suxeitarase aos seguintes límites:

- No caso de subcontratacións nos supostos previstos nos apartados a), b), c) e e) do artigo 29.7 da Lei xeral de subvencións, non se admitirá a subcontratación en ningún caso.

- No caso de subcontratacións con entidades que non sexan entidades vinculadas, para supostos distintos do apartado anterior e a subcontratación supere o 50% establecido nesta cláusula, admitirase como gasto subvencionable só ata o 50% do gasto que finalmente se considere subvencionable e sempre que non se incremente coa subcontratación o custo da actividade subvencionada agás que este incremento supoña un valor engadido á actividade que deberá ser acreditado. No caso de que a subcontratación supere o 20% do importe do convenio e exceda de 60.000,00 euros é preciso que se autorice o custo previamente polo órgano concedente da subvención e que se formalice por escrito.

- No caso de subcontratacións con entidades vinculadas, deben observarse os requisitos previstos nos apartados precedentes e ser obxecto a subcontratación de autorización expresa polo órgano concedente da subvención e que o importe subvencionable non exceda do custo incorrido pola entidade vinculada. A acreditación do custo realizarase na xustificación nos mesmos termos establecidos para a acreditación dos gastos da beneficiaria.

Non obstante o sinalado nos apartados anteriores, naqueles casos nos que o importe subcontratado supoña unha porcentaxe significativa do conxunto do gasto, valorarase a posibilidade de non admitir o resto dos gastos por incumprimento do fin para o cal se concedeu a subvención.

QUINTA: EXECUCION, PRAZO E FINANCIACION DO PROXECTO.

A distribución do orzamento do convenio, de acordo cos diferentes conceptos de gasto subvencionables, é de 115.000 euros, para gastos propios de realización da campaña e a emisión das tarxetas e gastos de funcionamento.

A contía da subvención considerarase importe certo aos efectos do previsto no art. 32.2 do RLGS. En consecuencia se entende que o Orzamento Xeral do Concello establece a aportación municipal como un importe certo sen referencia a unha porcentaxe ou fracción do coste total e que, en consecuencia, queda a conta do beneficiario a diferenza de financiación necesaria para a total execución da actividade subvencionada.

Se o custo total da actividade é inferior ao importe do financiamento público, procederá o reintegro desta polo importe que pase o custo total da actividade, de conformidade co art. 32.2 do Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, aprobado polo Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo.

A subvención obxecto deste convenio é INCOMPATIBLE con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou ente público ou privado, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe desta subvención non terá a consideración de axudas mínimas e por tanto non será acumulable a outras axudas ou subvencións a efectos de non exceder o limiar, por importe de 200.000,00 euros no exercicio fiscal en curso e os dous exercicios anteriores, de conformidade co Artigo 6 do Regulamento (UE) 1407/2013 da Comisión do 18 de decembro de 2013.

A execución e xustificación do presente convenio corresponderá a AEVA, quen procederá á utilización, con carácter exclusivo durante o tempo de duración da execución e xustificación do proxecto, dunha conta bancaria onde se fará fronte aos deberes derivados das actuacións encomendadas no presente convenio e que quedará afectada ás mesmas. Na devandita conta ingresarase a achega do Concello do Barco de Valdeorras, e calquera outra que se derive da execución do presente convenio e realizarase a xestión dos gastos relativos á utilización das tarxetas nos establecementos adheridos e calquera outra que se derive do presente convenio. AEVA xustificará ante o Concello do Barco de Valdeorras a existencia da conta, e será responsable de que os fondos percibidos sexan utilizados conforme aos principios dunha clara e correcta xestión financeira.

Prazo de execución. As actuacións levaranse a cabo no período de vixencia do presente convenio de colaboración, polo que o prazo para a execución das accións comprenderá desde 28 de decembro ata o 31 de marzo de 2021, nos termos que se especifican nas bases reguladoras. En consecuencia, as facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil, deberán ser emitidas dentro do referido período e os pagos dos mesmos deberán realizarse igualmente dentro do citado prazo.

Se por circunstancias excepcionais, derivadas da situación de pandemia, se producira, por parte das autoridades sanitarias, un peche ou confinamento que imposibilitara a actividade dos establecementos adheridos e, polo tanto, a realización da campaña, poderíase prorrogar o prazo de execución e o prazo de xustificación.

SEXTA: ABONO DA SUBVENCIÓN E XUSTIFICACION DO GASTO

Con carácter xeral, o recoñecemento da obrigación a favor da entidade beneficiaria e o pago da achega realizarase tras a presentación e aprobación da xustificación nos termos establecidos neste Convenio.



Poderanse realizar pagos anticipados conforme á cláusula décimo terceira, que suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións inherentes á subvención.

Non poderá realizarse o pago da subvención á entidade beneficiaria en tanto non se estea ao corrente no cumprimento dos seus deberes tributarios co Concello e a Axencia Tributaria e fronte á Seguridade Social ou sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro. Neste sentido sinalar que de conformidade co artigo 28.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, o Concello da Coruña solicitará as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal de Administración Tributaria, a Tesourería Xeral da Seguridade Social, a Axencia Tributaria de Galicia e o propio Concello, para verificar o cumprimento deste apartado.

Con todo, a persoa solicitante ou o seu representante poderán opoñerse expresamente á consulta ou obtención da documentación sinalada, debendo neste caso, presentar a documentación acreditativa nos termos previstos regulamentariamente, achegando as certificacións acreditativas.

Condicións de xustificación: conforme ao establecido no artigo 72.3 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, por razón do obxecto da subvención, non resulta preciso presentar a documentación prevista no apartado 2 do art. 72 do RLXS e a conta xustificativa conterá a seguinte información que deberá presentarse 31 de maio de 2021, inclusive:

1. Unha Memoria, subscrita polo representante Asociación Empresarial de Valdeorras, que acredite que a actividade foi realizada e o grao de cumprimento dos obxectivos.
2. Balance da actividade (ingresos e gastos realizados con motivo da actividade subvencionada), de maneira que se poida comprobar que se axustou ao orzamento inicial presentado. Este balance incluírá un cadro de desviacións do balance con respecto ao orzamento inicial, e, no caso de que neste se observen desviacións, a determinación do seu importe e a xustificación das mesmas.
3. Certificación da Secretaría co Vº Bº da Presidencia na que se detallen as tarxetas adquiridas polos cidadáns, identificación do destinatario, o establecemento no que se realizou o gasto e o importe, data e concepto.
A certificación deberá ter un contido suficiente que permita a comprobación da súa corrección coa información subministrada pola web que xestione as tarxetas e co informe da entidade financeira previsto no apartado seguinte. Esta certificación deberá garantir a trazabilidade de gasto de cada tarxeta en cada establecemento.
4. Informe da entidade financeira xestora dos movementos relacionados coa utilización das tarxetas durante o desenvolvemento do programa así como a relación dos gastos das tarxetas nos establecementos participantes. Relación de beneficiarios directos das tarxetas e desglose dos gastos nos diferentes establecementos. A información garantizará a trazabilidade dos gastos obxecto de subvención.
Igualmente, determinarase a cantidade que procede reintegrar ao Concello no caso de que non se vendan a totalidade das tarxetas.
5. Os gastos de xestión e outros gastos asociados á campaña acreditaranse mediante facturas e documentos contables de valor xustificativo equivalente con validez no tráfico mercantil ou con eficiencia administrativa nos termos equivalentes que recolle o art.30 de LGS e xustificantes bancarios de pago.
6. Certificado do Secretario da entidade no que se faga constar que se procedeu á realización do programa presentado e que o custo de adquisición dos gastos subvencionados non foi superior ao valor de mercado.
7. Acreditación de estar ao corrente nas obrigacións tributarias coa AEAT e coa Seguridade Social.
8. Xustificación da difusión da publicidade.
9. Declaración segundo modelo asinada polo Presidente da entidade beneficiaria de que a subvención se destinou ós mesmos fins para os que foi solicitada e concedida..
10. Certificado segundo modelo asinado polo Secretario da entidade beneficiaria, de que non se solicitaron nin recibiron outras subvencións axudas ou aportacións por outras entidades ou persoas e para a mesma finalidade.
11. Declaración segundo modelo sobre posibilidade/imposibilidade de recuperación do IVA.

12. As tres ofertas en caso de obras por importe superior a 40.000,00 euros ou servizos ou subministracións por importe superior a 15.000,00 euros.
13. No seu caso, carta de pago de reintegro no suposto de remanentes non aplicados así como dos xuros derivados dos mesmos.

En todo caso, a entidade beneficiaria, Asociación Empresarial de Valdeorras, estará suxeita ás actuacións de comprobación que poidan realizarse desde o Concello do Barco de Valdeorras.

O incumprimento das obrigacións asumidas en virtude deste Convenio pola Asociación Empresarial de Valdeorras determinará o reintegro da subvención outorgada nos termos previstos na Lei Xeral de Subvencións, sen prexuízo das sancións que puideren impoñerse conforme dita Lei.

En todo caso a efectos de xestión e xustificación, teranse en conta as disposicións establecidas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións e demais Disposicións de desenvolvemento.

SEPTIMA: COORDINACIÓN

O Concello de O Barco de Valdeorras e a Asociación Empresarial de Valdeorras crearán unha comisión de seguimento da campaña formada por dous representantes da Asociación Empresarial Valdeorras e dous representantes do Concello do Barco de Valdeorras ao obxecto de:

- a) Velar polo bo desenvolvemento dos obxectivos previstos neste Convenio e nas actuacións recollidas no mesmo, aprobando a tal fin as directrices e acordos que resulten necesarios.
- b) Adoptar as medidas correctoras oportunas cando así o esixa o transcurso das actuacións.
- c) Propoñer, motivadamente, ás partes asinantes a necesidade ou oportunidade de introducir modificacións no contido das actuacións subvencionables, calendario de execución, orzamento, etc., para a súa aprobación, se procede.
- d) Manter permanentemente informadas ás partes sobre o desenvolvemento, incidencias e cumprimento das accións, o calendario de execución e o orzamento.

OITAVA: VIXENCIA DO CONVENIO E RESOLUCIÓN.

O presente Convenio terá vixencia ata o remate de todo o procedemento de fiscalización da xustificación da aplicación dos fondos percibidos en concepto de subvención e a aprobación da conta xustificativa presentada pola entidade beneficiaria, sen prexuízo das facultades de control.

NOVENA: DIFUSIÓN

As partes asinantes comprométese polo presente Convenio a que na difusión de todas as accións que se poñan en marcha figurarán, de forma expresa, o logotipo dos asinantes do Convenio.

A Asociación Empresarial de Valdeorras deberá dispoñer na súa web e medios de difusión físicos e virtuais un espazo onde se reflecta a participación nesta campaña, así como que o mesmo se atopa financiado polo Concello do Barco de Valdeorras.

DÉCIMA: DEBERES DO CONCELLO

O Concello comprométese a achegar a AEVA, a cantidade de 115.000,00 €, con cargo á aplicación 430.48906 do orzamento en vigor.

DÉCIMO PRIMEIRA.- DEBERES DA ENTIDADE BENEFICIARIA

AEVA comprométese ao seguinte:



-Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención, nas condicións que se contemplan na memoria incluída no expediente e presentada no momento de solicitude do convenio, xunto co balance de actividade (ingresos e gastos) ou orzamento.

No momento da firma do presente convenio achéganse os documentos seguintes:

1. N.I.F da Asociación ou entidade. Ou no caso de agrupación de persoas físicas, documento de constitución da agrupación e modelo de composición da mesma.
2. Declaración de compromiso da entidade de facer constar a colaboración do Concello en toda a información que realice ((impresa, informática ou audiovisual) no desenvolvemento das actividades ou investimentos
3. Orzamento de ingresos e gastos estimados, referidos a actividade subvencionada e descrición do proxecto.
4. Declaración responsable asinada polo Presidente/a da Asociación, na cal se determinará que se cumpren todos os requisitos determinados no artigo 13 da Lei 38/2003 para obter a condición de beneficiario, que dita Asociación non incorre en ningún suposto de incompatibilidade ou prohibición para a percepción de axudas públicas, concretando expresamente que dita Asociación se encontra ao corrente das súas obrigas tributarias e coa seguridade social, nin é debedora do Concello por resolución de reintegro.

No caso de subvencións concedidas por importe igual ou superior a 3.000,00 € esta última circunstancia acreditarase mediante a achega de certificacións emitidas polo Estado, pola Comunidade Autónoma e pola Seguridade Social de acordo co disposto no artigo 22 do Real Decreto 887/2006 polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións.

Respecto a circunstancia de estar ao corrente coa Facenda local este será emitido de oficio pola Corporación.

5. Certificado do secretario da entidade no que se reflectan as subvencións, axudas ou outras aportacións solicitadas e recibidas por parte doutros organismos, tanto públicos como privados, indicando a contía e o concepto polo que foi concedida.
6. Escrituras de constitución e acta de nomeamento de cargos en vigor salvo que xa se atopen a disposición do Concello.

No caso de que non sexa posible porque non se execute a actividade, proceder á renuncia expresa da mesma.

- Destinar os fondos achegados polo Concello do Barco de Valdeorras á finalidade contemplada na Memoria presentada.

- Presentar a documentación xustificativa da mesma nos termos establecidos nas cláusulas deste Convenio.

- Comunicar por escrito e motivadamente no prazo máximo dun mes calquera modificación dos datos identificativos do proxecto ou dos aspectos substanciais dos obxectivos do mesmo, para a súa aprobación.

- Comunicar ao Concello, por escrito e no prazo máximo dun mes desde que teña coñecemento da súa concesión, a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra Administración Pública, entes públicos ou privados, nacionais ou



internacionais, que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

- Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

- A reintegrar os fondos percibidos nos supostos que procedan.

- A solicitar os permisos e autorizacións necesarias para o desenvolvemento da actividade.

- Cumprir cos demais deberes impostos pola Lei xeral de subvencións e as demais normas de aplicación.

-Todas as actuacións desenvoltas pola AEVA, serán obxecto de seguimento polo Concello polo que a AEVA someterase a todas as actuacións de verificación económica e técnica necesarias a realizar polo Concello para comprobar o cumprimento da lexislación española e ao mesmo tempo, calquera outras de comprobación, auditoría e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto nacionais como comunitarios, achegando canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores. (Artigo 14.1.c da Lei xeral de subvencións).

-- Estar ó corrente coas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

- A facer constar expresamente, e de forma visible, en calquera dos medios que se utilicen para a difusión das actividades subvencionadas, que as mesmas se realizan co financiamento do Concello.

- Resultará obrigado solicitar tres ofertas en caso de obras, subministros ou servizos cando superen o importe do contrato menor previsto na Lei de contratos.

-A AEVA será a única responsable do tratamento de datos de carácter persoal a que puidera dar lugar a execución de este convenio de conformidade co que dispón o Regulamento da Unión Europea 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e coa Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

- En aplicación do previsto nos artigos 18 da Lei 38/2003, 30 do RD.887/2006 e 15 da Lei 9/2007, procederase á publicación da concesión e procederase a facilitar a información precisa á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

- É obriga do beneficiario facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención municipal, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

DÉCIMO SEGUNDA.- MODIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución da subvención.

DÉCIMO TERCEIRA.- PAGOS ANTICIPADOS.

De conformidade cos artigos 34 da LXS e 88 do regulamento se establece a posibilidade de pagos anticipados que supoñen entregas de fondos con carácter previo á xustificación sempre que non dispoñan de recursos suficientes para financiar transitoriamente a execución da actividade subvencionada, debendo xustificarse esta situación polo beneficiario.



O pago anticipado polo importe da subvención concedida poderá solicitarse unha vez asinado o presente convenio.

Poderá anticiparse o 100% da subvención.

DÉCIMO CUARTA: REINTEGRO E GRADACIÓN DOS INCUMPRIMENTOS

O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a deber de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devindiquen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 36 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e no artigo 91 e seguintes do R.D. 887/2006, do 21 de xullo, dándolle en todo caso audiencia á persoa interesada.

Procederá, en particular, o reintegro das cantidades percibidas nos seguintes casos:

1. A obtención da subvención falseando as condicións requiridas para iso ou ocultando aquelas que a tiveran impedido.
2. Incumprimento do deber de adoptar as medidas de publicidade da actividade subvencionada.
3. Resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro previstas nos artigos 14 e 15 da Lei xeral de subvencións.
4. Calquera outra causa que expresamente constituía infracción administrativa en materia de subvencións por acción ou omisión de acordo co establecido na Lei xeral de subvencións e normativa de desenvolvemento.
5. En caso de xustificar fora do prazo previsto, e tras o requirimento efectuado de acordo co sinalado no artigo 70.3 do Regulamento da Lei xeral de subvencións.
6. En caso da concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera administración ou ente público, nacional, da Unión Europea ou de organismo internacional.


- Os criterios proporcionais de gradación de incumprimentos serán os seguintes:
- O incumprimento total e manifesto dos obxectivos de realización das actividades para os que se concedeu a axuda, será causa de revogación da axuda concedida.
- O incumprimento da adopción de medidas de difusión dará lugar á perda do dereito de cobro da subvención.
- Perderá o dereito ao cobro da subvención o beneficiario que non xustifique, a lo menos o 40% do proxecto inicialmente presentado, sen prexuízo de posibles modificacións.

DECIMO QUINTA: NATUREZA XURIDICA E ORDE XURISDICCIONAL COMPETENTE.

O presente Convenio ten natureza administrativa. As cuestións litixiosas que puidesen derivar da súa interpretación ou das cláusulas propio Convenio, serán sometidas á Xurisdición Contencioso - Administrativa.

E en proba de conformidade, asinan e rubrican o presente Convenio por duplicado exemplar, no lugar e data indicados.

Alcalde



Asdo. Alfredo L. García Rodríguez



A Presidenta de AEVA



Asdo.: Araceli Fernández del Palacio

ANEXO I

Bases reguladoras do concurso para a concesión de axudas para o fomento da reactivación económica e comercial local, no Concello do Barco de Valdeorras: **Máis Barco**.

ANTECEDENTES.

- A Asociación Empresarial de Valdeorras entende prioritario o desenvolvemento de actuacións de reactivación económica e social da vila tras a crise do COVID-19, entre as que se atopan unha campaña de bonificación que se desenvolverá mediante a utilización dunha tarxeta moedeiro. Para iso acordouse co Concello do Barco a sinatura dun convenio que se concreta nunha subvención a favor da Asociación Empresarial de Valdeorras, en adiante AEVA, co fin de levar a cabo unha “ Campaña de incentivos ao comercio barquense de proximidade” . Campaña **Máis Barco**.

CLÁUSULAS:

I. Obxecto da campaña:

Constitúe o obxecto destas bases a regulación e procedemento da participación na campaña Máis Barco, tanto para establecementos como para usuarios-consumidores.

II. Establecementos participantes na campaña.

Os establecementos suxeitos a esta promoción son todos os establecementos de comercio e hostalería que se detallan no ANEXO I segundo o seu grupo de clasificación do IAE.

Os establecementos comerciais, ao aceptar estas bases declaran responsablemente que ocupan menos de 10 empregados en cada establecemento. Igualmente tanto establecementos comerciais como hostaleiros declaran que desenvolven unha actividade que se encadra dentro dos epígrafes de actividade aceptados neste Programa, e que se atopan relacionados no ANEXO I destas bases.

III. Contía

As tarxetas levarán incorporada a axuda económica obxecto desta subvención, para gastar nos establecementos adheridos nunha cantidade de 20 euros por tarxeta.

IV. Solicitudes, prazos e procedementos de solicitude das tarxetas.

1. As tarxetas poderán ser adquiridas por calquera titular de DNI/NIE, maior de idade no momento de realización da solicitude.
2. Só se poderá solicitar unha tarxeta por persoa no prazo ordinario de solicitude.
3. A solicitude da tarxeta será exclusivamente por medios telemáticos, a través da web creada ao efecto polo Concello do Barco de Valdeorras. Xunto co formulario de solicitude se deberán aceptar as presentes bases reguladoras e o tratamento de datos por parte do Concello do Barco e AEVA.
4. Para a presentación da solicitude terá que utilizarse o formulario normalizado que se estableza. Todo o proceso deberá tramitarse a través da plataforma informática, que requirirá automaticamente a emenda das deficiencias, de xeito tal que o proceso de presentación da solicitude non poderá completarse ata que esta deficiencia conste emendada.
5. Os clientes solicitantes recibirán unha tarxeta física para gastar nos establecementos adheridos á campaña.
6. O cliente solicitante deberá abonar, no momento da recollida da tarxeta, a cantidade de 30€ e recibirá a tarxeta cun valor de 50€.
7. Coa solicitude da tarxeta o solicitante acepta as presentes bases.
8. En caso de dúbida, dificultades técnicas ou necesidade de máis información, as persoas interesadas poderán dirixirse á dirección de correo específica habilitada para a campaña:

infomaisbarco@concellodobarco.org e os números de teléfono: 988320202 e 616402885



9. Os prazos para o desenvolvemento da campaña son os seguintes:
- Do 29 de decembro de 2020 a 6 de xaneiro de 2021:** campaña de adhesión de establecementos.
 - Do 7 de xaneiro a 22 de xaneiro:** prazo ordinario de solicitude de tarxetas polos usuarios a través da web maisbarco
 - Do 15 de xaneiro ata o 1 de febreiro:** prazo ordinario de distribución e entrega de tarxetas.
 - Prazo de utilización das tarxetas. **Ata o 31 de marzo**
10. No caso de que, transcorrido o período ordinario de solicitude das tarxetas estas non se esgotaran, poderase prorrogar, de xeito extraordinario, o prazo de solicitude e distribución e incluso poderase adquirir unha segunda tarxeta por aqueles clientes solicitantes que xa esgotaran o crédito da primeira.
11. As tarxetas solicitadas a través da web e non recollidas no prazo ordinario de entrega quedarán liberadas da solicitude inicial e poderán distribuírse no prazo extraordinario.

V. Distribución e entrega das tarxetas.


AEVA en colaboración coa área de Promoción Económica do Concello do Barco xestionará as solicitudes presentadas en prazo e forma, concedéndose automaticamente as tarxetas por rigoroso orde de entrada.

A xestión electrónica das solicitudes realizarase diariamente, e cada día publicarase na páxina web da campaña unha listaxe de solicitantes indicando a data e lugar na que poden recoller a tarxeta. A publicación das listaxes, será atendendo ao orde de chegada das solicitudes e ás posibilidades de distribución das tarxetas, tendo en conta, ademais que se deben evitar as aglomeracións e excesivas colas. O procedemento de distribución respectará os protocolos Covid, vixentes para esas datas no Concello do Barco.

A listaxe dos solicitantes admitidos non será obxecto de notificación individual. Unicamente será publicado na web da campaña *MÁIS BARCO*.

Os lugares, períodos e datas concretas de recollida faranse públicos na páxina web da campaña.


VI. Forma de pago



O solicitante deberá achegarse no día indicado ao lugar establecido provisto dunha tarxeta de débito ou crédito da súa propiedade e o seu DNI ou NIE. Alí, unha vez identificado, abonará os 30 euros, exclusivamente mediante pagamento electrónico e inmediatamente recibirá unha tarxeta cargada cun valor de 50 € que poderá gastar nos establecementos adheridos, segundo o seu criterio e a partir dese mesmo momento.

O importe das tarxetas que sexa gastado nos establecementos adheridos á campaña será compensado diariamente pola entidade financeira que participa na campaña, aos propios establecementos.

VII. Funcionamento da tarxeta



Para utilizar a tarxeta é imprescindible a presentación da mesma no establecemento, e poderá ser lida por calquera TPV do mercado e só nos establecementos adheridos.

En ningún caso devolverase diñeiro en efectivo e con esta tarxeta non se poderá retirar diñeiro en efectivo en ningún caixeiro de ningunha entidade bancaria.

O prazo de utilización da tarxeta remata o 31 de marzo. Unha vez vencido o prazo o diñeiro da tarxeta non poderá ser gastado.

A perda ou deterioro da tarxeta non xerará ningún dereito á devolución.

As persoas beneficiarias poderán utilizar o saldo da tarxeta total ou parcialmente, así como completar os seus pagamentos con outros procedementos no caso de non ter suficiente saldo.

No caso de devolución de produtos que se houberan adquirido coa tarxeta, o establecemento non poderá, en ningún caso, ofrecer diñeiro en efectivo.

VIII. Réxime de protección dos datos achegados coa solicitude e a participación na campaña *Máis Barco*.

1. O tratamento pola Asociación Empresarial de Valdeorras dos datos persoais achegados polos solicitantes basease no disposto nos apartados c) e e) do artigo 6 do Regulamento UE 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos, así como no artigo 6.2 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección dos datos de carácter persoal, así como para a comprobación do cumprimento dos requisitos e valoración das solicitudes consonte ao indicado nas propias bases.

En consecuencia, a negativa a facilitar estes datos ao Concello do Barco de Valdeorras e á AEVA, determinará a exclusión da persoa interesada do procedemento.

2. En cumprimento do establecido no artigo 13 do Regulamento UE 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos, infórmase aos interesados do seguinte:

a) Os datos subministrados coa solicitude destínanse unicamente a comprobar que a persoa solicitante reúne os requisitos establecidos para poder ser beneficiaria/o, para a valoración da súa solicitude, e para a emisión das correspondentes tarxetas Máis Barco.

Os solicitantes consenten a publicación dos seus datos na web da campaña a efectos unicamente da citación para a distribución das tarxetas.

b) Os datos subministrados ao Concello do Barco de Valdeorras, serán tratados polo persoal autorizado para a tramitación da solicitude, suxeitos ao deber de reserva, salvo os referidos ao nome e apelidos, que serán publicados na páxina web a efectos única e exclusivamente de comunicación de concesión da tarxeta moedeiro obxecto desta campaña.

O solicitante consente en que os datos de nome, apelidos e DNI lle serán comunicados, unha vez concedida a solicitude, á entidade colaboradora da campaña Asociación Empresarial de Valdeorras (AEVA), para a xestión da distribución das tarxetas, e mentres dure o proceso de distribución das mesmas, tal e como consta no convenio asinado entre O Concello do Barco de Valdeorras e a citada Asociación.

Os establecementos participantes na campaña consenten na cesións dos seus datos á entidade financeira Abanca e a AEVA, para o desenvolvemento exclusivo desta campaña e consenten expresamente que a entidade financeira informe dos gastos realizados nos seus establecementos co uso das tarxetas obxecto desta campaña.

c) En ningún caso se transferirán os seus datos persoais a un terceiro país nin a unha organización internacional.

d) En todo caso, as/os interesadas/os poderán formular as reclamacións que consideren oportunas en relación co tratamento dos seus datos persoais ante a Axencia Española de Protección de Datos.

e) A falla de subministración á AEVA e ao Concello do Barco de Valdeorras ou á entidade financeira Abanca, dos datos persoais requiridos, ao constituir un requisito legal para a selección dos/as beneficiarios, dará lugar á súa exclusión do procedemento.

f) En ningún caso se procederá á adopción de decisións automatizadas nin á elaboración de perfís persoais cos datos subministrados, que non serán obxecto de tratamentos diferentes aos expresamente previstos nesta cláusula.

IX. Tarxeta Electrónica Máis Barco

As persoas que, unha vez feita a solicitude da tarxeta, figuren na resolución diaria acudirán ao lugar e día indicado para recoller a súa tarxeta-bono *Máis Barco*. Deberán ir provistos da súa tarxeta de débito ou crédito persoal para facer efectivo os 30 euros que corresponden, e inmediatamente se lles entregará a tarxeta cun valor de 50 € para gastar nos establecementos adheridos á campaña. Os prazos para a distribución na campaña constan no apartado V destas mesmas bases. Todo o proceso de distribución e reparto de tarxetas estará suxeito ao protocolo de medidas de prevención COVID.

O funcionamento da tarxeta Máis Barco é o que segue:

O uso da tarxeta é exclusivo nos establecementos adheridos á campaña.

O prazo durante o que estará activa a tarxeta para efectuar gasto será desde a recollida ata o 31 de marzo de 2021.

Unha vez transcorrido o prazo indicado as tarxetas quedarán inutilizadas e deixarán de ser operativas para os fins da campaña *Máis Barco*, aínda que, para favorecer a súa reutilización noutras campañas ou promocións, os posuidores deberán entregalas, unha vez esgotado o seu saldo, nas oficinas do Concello ou da Asociación Empresarial de Valdeorras.

Os titulares das tarxetas non terán ningún dereito de devolución do importe non utilizado durante a campaña e que conste como saldo na súa tarxeta no día de finalización da campaña.

Se durante o desenvolvemento da campaña se producira un confinamento ou peche dos establecementos comerciais e de hostalería causada pola aplicacións de medidas restritivas de prevención do COVID, ordenadas polas administracións autonómicas ou estatais, poderíase prorrogar o prazo de vixencia da tarxeta e da campaña.

Aquelas contías económicas non utilizadas unha vez finalizado o prazo máximo previsto nestas bases que correspondan á aportación do Concello, serán automaticamente reintegradas a este, sen que se poida derivar ningún dereito para aquela persoa usuaria que non fixese uso da totalidade do crédito inicialmente concedido.

X. Condicións legais

A participación nesta campaña de promoción, tanto de usuarios como de establecementos adheridos, supón a aceptación das presentes bases e do criterio da Asociación Empresarial de Valdeorras (AEVA) e do Concello do Barco de Valdeorras en canto á resolución de calquera cuestión ou incidencia relacionada.

AEVA, de acordo co Concello do Barco e tras análise da comisión de seguimento da campaña, resérvase o dereito a modificar as condicións da promoción ou substituílas por outras de similares características, no suposto de existir algunha circunstancia que así o requira, así como de realizar cambios ou modificacións sobre estas bases. Tamén, poderá modificar os prazos, de solicitude, distribución e vixencia das tarxetas, se as circunstancias do desenvolvemento da campaña así o requiriran.

A responsabilidade da perda ou mal uso da tarxeta será do usuario da mesma, de conformidade coas condicións de uso das que foi informado e que acepta.

A Asociación Empresarial de Valdeorras en colaboración co Concello do Barco de Valdeorras, realizarán os seus mellores esforzos para asegurar a dispoñibilidade, sen interrupcións, do funcionamento do servizo ofrecido a través do portal web creado ao efecto, así como a ausencia de erros na transmisión de información que puidera ter lugar. Non obstante, e debido á natureza mesma do servizo, non é posible garantir ao 100% o correcto funcionamento do servizo das comunicacións vía internet en todo momento. Así mesmo, o acceso ao portal web pode ocasionalmente verse suspendido ou restrinxido a efectos de realización de traballos de reparación ou mantemento, ou á introdución de cambios nos produtos ou servizos. Sempre procurárase limitar a frecuencia e duración de tales suspensións ou restricións.

AEVA non será responsable de posibles danos e prexuízos polo uso indebido do servizo e da tarxeta. Tampouco será responsable de ningunha demora na prestación do servizo ou incumprimento cando dita demora ou incumprimento fora atribuíble a circunstancias alleas a ela.

A Asociación Empresarial de Valdeorras non incorrerá en responsabilidade algunha ante calquera falta debida a causa maior, e o cumprimento da obriga demorarase ata o cese da forza maior.

XI. Recollida de datos



Durante o proceso de rexistro para a solicitude de tarxetas, autorízase á recollida da seguinte información de carácter persoal que se regula e protexe segundo o indicado na cláusula IX destas mesmas bases.

No caso dos establecementos:

- Nome e apelidos
- Nome do establecemento
- CIF do establecemento
- Dirección do negocio ou establecemento.
- Sector ao que pertence
- Correo electrónico
- Teléfono móbil
- Número de todos os Terminais de Puntos de venda (TPV) dos que sexa titular o establecemento de comercio ou hostalería.
- Entidade bancaria titular do/s Terminal/ais de Puntos de venda (TPV)

No caso dos usuarios solicitantes:

- Nome e apelidos
- Data de nacemento
- DNI ou NIE
- Domicilio
- Correo electrónico
- N° de teléfono móbil

XII. Suspensión ou cancelación

AEVA, de acordo co Concello do Barco de Valdeorras, poderá libremente suspender, bloquear, interromper ou cancelar o programa Máis Barco nos seguintes casos:

- Para garantir a seguridade do servizo e a canle de acceso
- Cando o servizo sexa utilizado de forma fraudulenta ou abusiva
- Cando sexa necesario realizar operacións de mantemento ou reparación do servizo ofrecido a través da web.
- Cando se produza un incumprimento por parte do usuario.

ANEXO I. CONDICIÓN DE ADHESIÓN DOS ESTABLECEMENTOS BENEFICIARIOS DA CAMPAÑA E RECEPTORES DAS TARXETAS PARA A REACTIVACIÓN ECONÓMICA LOCAL

Os establecementos deberán cumprimentar na forma e prazo indicados o formulario de adhesión que estará dispoñible na páxina web de AEVA e tamén, a través do enlace da páxina web da campaña, habilitada polo Concello do Barco de Valdeorras, e deberán aceptar as condicións e bases reguladoras da campaña.

Colocarán os carteis alusivos á promoción, nun lugar visible, durante o tempo de vixencia da campaña. Darán publicidade da campaña, se dispoñen de páxina web/redes sociais, e velarán polo cumprimento correcto da campaña.

Non devolverán, en ningún caso, cambio ou importes en efectivo dos cartos gastados mediante a tarxeta obxecto desta campaña.

Deberán ter o seu domicilio social no Concello do Barco de Valdeorras, ter menos de 10 traballadores, e atoparse nalgún dos seguintes supostos:

- Que se visen afectados total ou parcialmente polo peche decretado en virtude do disposto no artigo 10.1 e 10.4 do RD 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, e a súa modificación aprobada no RD 465/2020, do 17 de marzo.
- Que aínda que non se visen afectados polo peche na totalidade da súa actividade, durante o estado de alarma especificado no parágrafo anterior pero a súa actividade comercial estivese limitada á venda de produtos esenciais.

Os establecementos deben dispoñer cando menos dun Terminal de Punto de Venta (TPV), co/s número/s de comercio que os identifique no servizo de pagamentos, para a execución das correspondentes operacións de pagamento efectuadas coas ditas tarxetas.

O Concello e AEVA, a través da comisión conxunta creada ao efecto, resérvanse o dereito de modificar os criterios de selección dos establecementos con dereito a adhesión, xustificadamente, unha vez comezada a campaña Máis Barco.

Actividades principais subvencionables, segundo a clasificación do IAE.

- 644.3. Comercio polo miúdo de produtos de pastelería, bolería e confeitaría.
- 644.5. Comercio polo miúdo de bombóns e caramelos
- 644.6. Comercio polo miúdo de masas fritas, con ou sen coberturas ou recheos, patacas fritas, produtos de aperitivo, froitos secos, lambetadas, preparados de chocolate e bebidas refrescantes.
- 651. Comercio polo miúdo de produtos téxtiles, confección, calzado, peles e artigos de coiro.
- 652. Comercio polo miúdo de medicamentos, artigos de drogaría e limpeza, perfumaría e cosméticos (agás 652.1. Farmacias).
- 653. Comercio polo miúdo de artigos para o equipamento do fogar e a construción.
- 654.2 Comercio polo miúdo de accesorios e pezas de recambio para vehículos terrestres.
- 654.6 Comercio polo miúdo de cubertas, bandas e cámaras de aire para toda clase de vehículos.
- 656. Comercio polo miúdo de bens usados tales como mobles, enxoval e útiles ordinarios de uso doméstico.
- 657. Comercio polo miúdo de instrumentos musicais en xeral, así como dos seus accesorios.
- 659.2 Comercio polo miúdo de mobles de oficina e de máquinas e equipos de oficina
- 659.3 Comercio polo miúdo de aparellos e instrumentos médicos, ortopédicos, ópticos e fotográficos
- 659.4 Comercio polo miúdo de libros, xornais, artigos de papelería e escritorio, e artigos de debuxo e belas artes.
- 659.5 Comercio polo miúdo de artigos de xoiería, relojería, pratería e bixutería
- 659.6 Comercio polo miúdo de xoguetes, artigos de deporte, pezas deportivas de vestido, calzado e tocado, armas, cartuchería e artigos de pirotecnia
- 659.7 Comercio polo miúdo de sementes, abonos, flores e plantas e pequenos animais
- 691 Reparación de artigos eléctricos para o fogar, vehículos automóbiles e outros bens de consumo.
- Grupo 671. Servizos en restaurantes
- Grupo 672. Servizos en cafeterías
- Grupo 673. Servizos en cafés e bares con ou sen comida.
- Grupo 676. Servizos en chocolaterías, xeadarías e horchaterías.
- Grupo 972. Salóns de peiteado e institutos de beleza.

